

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0228	Aplicacións web	2022/2023	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA BAUTÍS NIETO, ANA MARÍA PATIÑO LOUREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións.
RA2 - Instala sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia, e identifica a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada.
RA3 - Instala servizos de xestión de ficheiros web, identifica as súas aplicacións e verifica a súa integridade.
RA4 - Instala aplicacións de ofimática web, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.
RA5 - Instala aplicacións web de escritorio, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Estableceuse a utilidade dun xestor de contidos.
CA1.2 Identificáronse os requisitos para instalar xestores de contidos.
CA2.2 Recoñeceuse a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada.
CA3.1 Estableceuse a utilidade dun servizo de xestión de ficheiros web.
CA3.2 Descríbironse aplicacións de xestión de ficheiros web.
CA3.4 Creáronse e clasificáronse contas de usuario en función dos seus permisos.
CA3.7 Aplicáronse criterios de indexación sobre os ficheiros e os directorios.
CA4.1 Estableceuse a utilidade das aplicacións de ofimática web.
CA4.2 Descríbironse aplicacións de ofimática web (procesador de textos, folla de cálculo, etc.).
CA4.6 Recoñecéronse as prestacións específicas de cada aplicación instalada.
CA5.1 Descríbironse aplicacións web de escritorio.
CA5.3 Configuráronse as aplicacións para as integrar cun servidor de correo.
CA5.4 Xestionáronse as contas de usuario.
CA5.7 Recoñecéronse as prestacións específicas das aplicacións instaladas (citas, tarefas, etc.).

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións.

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA2 - Instala sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia, e identifica a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada.

RA3 - Instala servizos de xestión de ficheiros web, identifica as súas aplicacións e verifica a súa integridade.

RA4 - Instala aplicacións de ofimática web, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.

RA5 - Instala aplicacións web de escritorio, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado
Criterios de avaliación do currículo

CA1.3 Realizáronse instalacións de xestores de contidos.

CA1.4 Xestionáronse usuarios con diversos papeis.

CA1.5 Personalizouse a interface do xestor de contidos.

CA1.6 Realizáronse tarefas de actualización do xestor de contidos, nomeadamente as de seguridade.

CA1.7 Instaláronse e configuráronse os módulos e os menús necesarios.

CA1.8 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade achegados polo propio xestor de contidos.

CA1.9 Habilitáronse foros e establecéronse regras de acceso.

CA1.10 Realizáronse probas de funcionamento.

CA1.11 Realizáronse copias de seguridade dos contidos do xestor.

CA2.1 Instaláronse xestores de aprendizaxe.

CA2.3 Realizáronse modificacións na estética ou no aspecto do sitio.

CA2.4 Manipuláronse e xeráronse perfís personalizados.

CA2.5 Instaláronse e configuráronse novos módulos no sitio.

CA2.6 Comprobouse a funcionalidade das comunicacións mediante foros, consultas, etc.

CA2.7 Importáronse e exportáronse contidos en varios formatos.

CA2.8 Realizáronse copias de seguridade e restauracións.

CA2.9 Realizáronse informes de acceso ao sitio e da súa utilización.

CA2.10 Comprobouse a seguridade do sitio.

CA3.3 Instalouse e adaptouse unha ferramenta de xestión de ficheiros web.

CA3.5 Xestionáronse ficheiros e directorios.

CA3.6 Utilizáronse ficheiros de información adicional.

Criterios de avaliación do currículo

CA3.8 Comprobouse a seguridade do xestor de ficheiros.

CA4.3 Instaláronse aplicacións de ofimática web.

CA4.4 Xestionáronse as contas de usuario.

CA4.5 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso de usuarios.

CA4.7 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo.

CA5.2 Instaláronse aplicacións para prover de acceso web o servizo de correo electrónico.

CA5.5 Verificouse o acceso ao correo electrónico.

CA5.6 Instaláronse aplicacións de calendario web.

CA5.8 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Establécense como mínimos exixibles todos os criterios de avaliación (CA) dos diferentes resultados de aprendizaxe (RA) especificados no apartado 2 desta programación.

A avaliación positiva acadarase se se cumpren as seguintes condicións na súa totalidade:

- Acádase unha cualificación equivalente ou superior a 5, sobre 10, na parte teórica.
- Acádase unha cualificación equivalente ou superior a 5, sobre 10, na parte práctica.

Coma se indica, para aprobar é preciso ter superadas as dúas partes do exame. Ambas cunha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Unha vez cumprido dito requisito a nota final calcularase facendo a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes (50% parte teórica + 50% parte práctica).

Redondeando ao valor enteiro máis próximo.

No caso de ter algunha parte non superada, redondéase á unidade máis próxima sempre que o resultado non sexa 5 ou superior. Nese caso, a cualificación final será un 4.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A parte teórica consistirá nun cuestionario de preguntas que poden ser tanto tipo test como cuestións teórico-prácticas sobre todos os contidos da materia.

As preguntas do cuestionario poden ser dos seguintes tipos:

- Pregunta tipo test de resposta única.
- Pregunta tipo test de resposta múltiple.
- Pregunta de resposta curta.

- Pregunta de completar.

O cuestionario poderá estar formado por diferentes tipos de preguntas ou por todas dun mesmo tipo.

Os tipos de preguntas que conterà o cuestionario comunicaráselle ós candidatos/as ó inicio da proba.

As preguntas puntuarán da seguinte forma:

- Se a resposta dada é totalmente correcta: puntúa positivamente.
- Se a resposta dada é parcialmente correcta: puntúara parcialmente de maneira positiva.
- Se a resposta dada é incorrecta ou parcialmente incorrecta (selección múltiple): puntuará negativamente, descontando un -33.333% do valor positivo da pregunta.
- Se non se proporciona ningunha resposta: non puntúa.

As puntuacións das preguntas comunicaráselle aos candidatos/as ó inicio da proba.

A proba abordará a maior parte dos contidos sinalados nesta programación, contendo conceptos de cada unha das unidades didácticas.

- Os únicos instrumentos permitidos para a realización do exame será un bolígrafo de cor azul ou cor negra.
- Se a proba se realizase no computador, non se permitirá acceso a ningún tipo de información ou consulta en Internet ou no propio PC. Se hai algún intento de consulta, o candidato será expulsado/a do exame e terá un 0 de nota.
- Todos os teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos deben estar totalmente apagados.
- Se se detecta algún intento de acceso (non permitido), o candidato será expulsado do exame e puntuaráse cun 0.
- Se se detecta calquera intento de copia, o candidato será expulsado do exame e a súa nota será un 0.
- Unha vez iniciada a proba non se deixará entrar a ninguén.

- Non se corruxarán exames que non estean identificados (todas as súas follas) polo nome e DNI do candidato ou candidata.
- Non se corruxarán exames que empregasen cintas e/ou fluídos correctores.
- Non se corruxarán exames con exercicios feitos a lapis.
- Non se corruxarán aqueles exercicios que non estean perfectamente identificados.
- Se o exame fose en PC, proporcionaranse tódolos datos necesarios para o acceso o sistema, e se informará do modo de realización e entrega.

4.b) Segunda parte da proba

A parte práctica consistirá na resolución de distintas cuestións dun ou varios supostos prácticos baseados no currículo.

Poderá ser tanto en computador (a través de máquinas virtuais) como en papel.

As preguntas ou exercicios poderán ser de dous tipos, fundamentalmente:

- No caso de exame en papel, preguntas de describir accións ou completar os seguintes pasos dunha instalación ou xestión, de Joomla, Moodle, Dropbox e ferramentas web de ofimática.
- Ou ben de comentar ou extraer conclusións a partir accións descritas a modo de tutorial.
- No caso de exame no computador, realizar instalacións e configuracións das utilidades representativas das unidades que forman parte do currículo. En concreto: Joomla para a UD1, Moodle para UD2, Dropbox para UDe e ferramentas web de ofimática para as UD4 e 5. Requerírase documentar todo o proceso con capturas de pantalla, e presentar un documento final.

As puntuacións das cuestións comunicaráselle aos candidatos/as ó inicio da proba.

A proba abordará a maior parte dos contidos sinalados nesta programación. A cantidade de contidos examinados virá determinada polo tempo dispoñible.

IMPORTANTE: No caso de que o exame sexa no computador, o candidato deberá coñecer e saber utilizar un sistema de virtualización (Oracle Virtualbox). Nalgúns casos, as respostas serán dadas mediante capturas de pantalla cos pertinentes comentarios. Traballarase sobre os sistemas operativos Linux (preferiblemente Lubuntu/Ubuntu ou variantes derivadas de Debian) e/ou Windows 10. O candidato ou candidata debe ser quen de configurar os sistemas xestores de contidos e sistemas xestores de aprendizaxe, así como ofimática web e de escritorio. Precisarase coñecer ferramentas de captura de pantalla de Windows (Recortes) e Linux (Captura de pantalla) para poder gardar as capturas nun documento, que será entregado de xeito dixital ó finalizar a proba.

- Se o exame se realizase en computador, a cada candidato se lle proporcionará un computador para realizar a proba, mais non se permitirá acceso a ningún tipo de información ou consulta en Internet ou no propio PC. Se hai algún intento, o candidato será expulsado/a do exame e terá un 0 de nota.
- Os únicos instrumentos permitidos para a realización do exame, ademais do posible ordenador proporcionado, será un bolígrafo de cor azul ou cor negra.
- Todos os teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos deben estar totalmente apagados.
- Se se detecta algún intento de acceso (non permitido), o candidato será expulsado do exame e puntuaráselle cun 0.
- Se se detecta calquera intento de copia, o candidato será expulsado do exame e a súa nota será un 0.
- Unha vez iniciada a proba non se deixará entrar a ninguén.

- Non se corruxarán exames que non estean identificados (todas as súas follas) polo nome e DNI do candidato/a.
- Non se corruxarán exames que empregasen cintas e/ou fluídos correctores.
- Non se corruxarán exames con exercicios feitos a lapis.
- Non se corruxarán aqueles exercicios que non estean perfectamente identificados.